

Texto para a exposición **TERRAGRAFÍAS** do fotógrafo Anxo Cabada, inaugurada no Verbum de Vigo o sete de xullo de 2009.-

A terra falará

A terra falará. Expresarase coas nosas bocas a terra, portadora de nós, todos, criaturas mínimas que imprimimos nela apenas unha mísera pegada antes de dar a volta e marchar.

A terra enchouparase. Impregnarase de nós a terra, que contén ese noso código xenético primeiro que tan axiña ás veces esquecemos, ese que non ten lectura posíbel, ese que escapa dos laboratorios e nunca se deixa apreixar, ese que foxe mesturado coas partículas do vento, ese que se enreda no ar que respiramos minuto tras minuto, vagarosos, silandeiros...

A terra ulirá. Hipnotizaranos a terra, que se expresa en arrecendos destilados na súa cerna máis segreda, esa terra que nos traspasa, implacábel, a forza de aromas, ulidos e cheiros, esa que nos acompaña, alá onde camiñamos, co seu ronsel infindo de fragancias...

A terra apertaranos. Seremos refugallo, materia inerte, e a terra envolveranos coas súas mestas quedellas, acolleranos agarimosa, bicaranos... Seremos terra!

A terra falará!

E nós...

Nós falaremos a traveso dela!

©Xesús Constela, 2009